



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 463

VIII legislatura

4 de maio de 2011

Fascículo 3

---

## SUMARIO

---

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.2.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa

— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 64368, un total de 48) [141513](#)

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 64353, un total de 51) [141529](#)

— Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 64354, un total de 29) [141541](#)

---

## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.2.1. Proxectos de lei

#### **Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa**

A Mesa da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura, na reunión do 4 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas:

- 08/PL-0024(62452)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa

BOPG núm. 435, do 22.03.2011

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan ós requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ó articulado (un total de 128)

— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 64368, un total de 48)

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 64353, un total de 51)

— Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 64354, un total de 29)

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE CONVIVENCIA E  
PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA (NUM. EXPE. 08/PL-0024).**

Emenda nº1, de Supresión. Artigo 1

Débese suprimir, a seguinte expresión:

" e a participación directa das familias así como do resto da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo"

---

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 2

Débese substituir a seguinte expresión:

Onde di: "sostidos con fondos públicos"  
Debe dicir: "públicos e privados concertados"

---

Emenda nº3, ao apartado g), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo apartado g) co seguinte texto:

"g) Promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado."

---

Emenda nº4, ao apartado h), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo apartado h) co seguinte texto:

"h) Recoñecemento do dereito do alumnado a participar na resolución dos seus propios conflitos implantando sistemas de axuda e traballo cooperativo entre iguais, como pode ser a mediación e tratamento de conflitos, alumnado titor e axudante

en materia de convivencia e mediación ou os equipos estábeis de tratamento de conflitos."

---

Emenda nº5, ao apartado i), de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo apartado i) co seguinte texto:

"i) Propiciar aos profesionais da educación a formación que lles permita avanzar na comprensión da natureza deste fenómeno e no recoñecemento de procedementos e estratexias que contribúan á súa mellora."

---

Emenda nº6, ao apartado j), de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo apartado j) co seguinte texto:

"j) Promoción da formación para a paz, o respecto dos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e os ambiente."

---

Emenda nº7, ao apartado k), de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo apartado k) co seguinte texto:

"k) A mellora da comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou titoras ou titores para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas."

---

Emenda nº8, de Supresión. Artigo 4

Débase suprimir todo o artigo.

---

Emenda nº9, de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a seguinte expresión:

"e participación"

---

Emenda nº10, ao apartado 1.e), de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir no punto 1.e) a seguinte expresión:

"a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa".

---

Emenda nº11, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 7

Débese substituir o texto do punto 1.a) polo seguinte:

"a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo."

---

Emenda nº12, ao apartado 1.c), de Substitución. Artigo 7

Débese substituir o texto do punto 1.c) polo seguinte:

"c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar."

---

Emenda nº13, ao apartado 1.d), de Substitución. Artigo 7

Débese substituir o texto do punto 1.d) polo seguinte:

"d) A participar directamente no proceso educativo."

---

Emenda nº14, ao apartado 1.e), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"e) A ter un regulamento dos seus dereitos e deberes."

---

Emenda nº15, ao apartado 1.f), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"f) Á liberdade de expresión, de asociación e de reunión nas instalacións escolares de acordo coas normas do centro."

---

Emenda nº16, ao apartado 1.g), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"g) A participar na elaboración das pautas de convivencia do centro, na mediación escolar propostas de actividades, ou outras cuestións relacionadas coa convivencia escolar."

---

Emenda nº17, ao apartado 1.h), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"h) A participar en programas de educación afectivo emocional desde a óptica de que educar nos afectos e nos sentimentos, con perspectiva de xénero, é o mellor antídoto contra das violencias."

---

Emenda nº18, ao apartado 1.f), de Substitución. Artigo 8

Débese substituír o texto do punto 1.f) polo seguinte:

"f) A participar directamente no proceso educativo."

---

Emenda nº19, ao apartado 1.g), de Adición. Artigo 8

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"g) A recibir apoio de medios, materiais e persoais, que permitan desenvolver actividades que supoñan a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado."

---

Emenda nº20, ao apartado 1.h), de Adición. Artigo 8

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"h) A recibir formación específica en resolución e transformación de conflitos, xestión das aulas, traballo cooperativo, curriculum da non violencia, convivencia, mediación e educación afectivo emocional. Para este fin, a administración educativa galega desenvolverá un plan de formación específico. "

---

Emenda nº21, ao apartado 1.i), de Adición. Artigo 8

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"i) Recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación."

---

Emenda nº22, ao apartado 1.e), de Substitución. Artigo 9

Débase substituir o texto do punto 1.e) polo seguinte:

"e) A participar directamente no proceso educativo."

---

Emenda nº23, ao apartado 1.f), de Adición. Artigo 9

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"f) A recibir a formación específica en resolución e transformación de conflitos, convivencia, mediación e educación afectivo emocional."

---

Emenda nº24, de Adición. Artigo 10

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 10 bis. Condicións e recursos para a mellora do clima escolar dos centros educativos.

1. A administración galega reducirá progresivamente as ratios de alumnos e alumnas por aula en Educación Primaria e Secundaria, contabilizando sempre o alumnado repetidor, reducindo estas ratios cando se escolarice alumnado con necesidades educativas especiais. Con carácter xeral, nas aulas de linguas estranxeiras garantirase unha ratio, ou os desdobres necesarios, que permita a normal expresión fluída oral do alumnado.

2. No proceso de acceso ás prazas escolares, sen prexuízo das funcións de garantía do proceso e de participación que corresponden por lei ao consello escolar de cada centro e, no seu caso, á titularidade do centro, a regulación de admisión de alumnado garantizará á adecuada e equilibrada distribución de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo entre todos os centros da zona educativa.

3. Garantiranse desdobres e/ou grupos reducidos por debaixo das ratios establecidas cando se detecten necesidades específicas de apoio educativo, conductas disruptivas ou calquera outra circunstancia que inflúa no normal desenvolvemento do clima escolar. Estes desdobres contarán coa conseguinte dotación de recursos e profesorado necesarios.

4. Ampliarse a figura de Xefe de Departamento de Orientación a todos os centros de Educación Primaria, Educación Infantil e Primaria de 6 ou máis unidades.



5. A administración educativa elaborará, no prazo de seis meses desde a publicación desta Lei, un "Plan para a mellora escolar" que abarque a totalidade dos centros educativos públicos. Dito plan conterá unha planificación detallada de recursos e medios materiais e económicos para a súa posta en práctica.

6. Dotarase aos centros docentes de perfís profesionais socioeducativos con formación específica en educación e mediación.

7. Establecerase, en todos os centros educativos, medidas de atención á diversidade, coa dotación de profesorado necesario, establecendo os apoios e reforzos necesarios para garantir unha atención personalizada, a diversificación curricular e a educación axeitada ao alumnado emigrante.

8. Regulamentarase as Aulas de Convivencia inclusiva, non estábeis, con apoios e formación específica que busquen reincorporar ao alumnado á súa propia aula no menor tempo posíbel.

9. Crearanse e desenvolveranse os Observatorios ou Comisións de Convivencia en cada centro, órganos e espazos para o tratamento de toda a comunidade educativa, para a xestión e o seguimento diario e da mellora do clima escolar con responsabilidades atribuídas persoalmente, con dotación económica e facilidades horarias.

10. Propiciarase a participación dos pais e nais en cursos específicos de prevención, detección e solución de probemas relacionados coa convivencia. De ser posíbel crearanse e dinamizaranse ás Escolas de Pais e Nais con programas estabeis.

11. Desenvolveranse actividades de formación permanente a todos os colectivos do ámbito educativo sobre habilidades sociais e de comunicación, resolución de conflitos, traballo cooperativo, mediación escolar, e outros análogos que se consideren de interese pola administración ou os centros educativos.

12. A administración educativa, en colaboración cos concellos, desenvolverán programas socioeducativos que favorezan a maior integración posíbel no contorno social de obxectos educativos e sociais do centro e unha mellor coordinación

entre os recursos das distintas administracións. Impulsaranse deste xeito actuacións educativas no entorno co obxectivo de potenciar a convivencia e a participación cidadá e o uso do galego."

---

Emenda nº25, ao apartado 1, de Adición. Artigo 10

Débase engadir un novo punto 1., co seguinte texto (pasando o punto 1. actual a renumerarse como 1 bis):

"1. A Administración educativa galega, logo de consultados o Consello Escolar de Galiza e o Observatorio de Convivencia e realizada a necesaria diagnose previa da situación, redactará e desenvolverá un Plan integral de mellora da Convivencia escolar en Galiza. Dito plan marcará as directrices xerais para a elaboración do plan de convivencia de cada centro escolar, integrando a perspectiva de xénero no deseño básico dos principios de convivencia. O goberno galego, a través do departamento competente en materia educativa, remitirá a o Parlamento un informe anual sobre a implantación e desenvolvemento do Plan."

---

Emenda nº26, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 10

Débase suprimir o texto do punto 4.

---

Emenda nº27, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 11

Débase substituír a seguinte expresión:

Onde di: "... e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte..."

Debe dicir: "...que a administración educativa galega recolla nunha normativa de desenvolvemento desta lei como..."

---

Emenda nº28, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 17

Débase substituir a seguinte expresión:

Onde di: "do interesado"

Debe dicir: "do interesado e da interesada"

---

Emenda nº29, ao apartado 3, de Adición. Artigo 19

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"3. Crearanse as Aulas de Convivencia inclusiva, non estábeis e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica que busquen reincorporar ao alumnado á súa propia aula no menor tempo posíbel."

---

Emenda nº30, ao apartado 4, de Adición. Artigo 19

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"4. Retomarase o programa comarcalizado 'Tecendo redes' de Educación Familiar co obxectivo de traballar coordinadamente todos os recursos sociais especializados existentes na prevención de conflitos e a reeducación familiar."

---

Emenda nº31, ao apartado f), de Supresión. Artigo 22

Débase suprimir o apartado f)

---

Emenda nº32, de Substitución. Artigo 29

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"A administración educativa galega, e de ser o caso a dirección dos centros docentes e os titulares de todos os centros privados, sexan ou non sostidos con fondos públicos, garantirán ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoal e do

seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións."

---

Emenda nº33, ao apartado 1, de Adición. Artigo 30

Débase engadir como punto 1 o seguinte texto, pasando o punto 1 actual a numerarse como 1 bis:

"1. O goberno galego, a través dos departamentos competentes en materia educativa e benestar, elaborará un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar, coa dotación orzamentaria necesaria para a súa implantación. Recollerase de xeito explícito a integración da perspectiva de xénero para poder previr eficazmente situacións de acoso das nenas e mozas."

---

Emenda nº34, ao apartado 1.c), de Substitución. Artigo 30

Débase substituir o seguinte texto do punto 1.c):

Onde di: "En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado dun responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade"

Debe dicir: "En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro privado, oído a todo o equipo docente, dun ou dunha responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posíbel que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade."

---

Emenda nº35, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 30

Débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "da Secretaria Xeral de Familia e Benestar"  
Debe dicir: "do departamento competente en materia de Benestar"

---

Emenda nº36, ao apartado 4, de Adición. Artigo 30

Débese engadir un novo punto 4, co seguinte contido:

"4. O departamento competente en materia educativa, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galiza, poñerá en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura de paz e previr o acoso escolar. Igualmente a Xunta de Galiza velará para que nos medios de comunicación de Galiza se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre acoso escolar."

---

Emenda nº37, de Supresión. Título IV

Débese eliminar integramente este Título.

---

Emenda nº38, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 31

Débese engadir un novo punto 1 bis, co seguinte texto:

"1 bis. Ademais dos procedementos de consulta e participación directa, a administración educativa articulará outros mecanismos de participación da comunidade educativa, así como de expertos e expertas en materias docentes ou de organización escolar, sen prexuízo dos órganos de consulta xa existentes, tendo por obxecto a colaboración e formación de opinión en decisións relativas á planificación educativa, tanto no eido das infraestruturas e dotacións, como nos ámbitos organizativos, económicos ou os relativos a actividades complementares."

---

Emenda nº39, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 31

Débase substituir o seguinte texto:

Onde di: "sobre aspectos determinados da programación xeral do ensino"

Debe dicir: "sobre os relativos á planificación xeral dos recursos destinados ao ensino, á aplicación e priorización dos mesmos, das infraestruturas, dotacións e equipamentos escolares, e á organización e funcionamento dos servizos educativos e os complementares, particularmente no que se refire a horarios escolares, transporte escolar e comedores escolares."

---

Emenda nº40, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 31

Débase substituir o texto deste punto polo seguinte:

"3. En ningún caso poderán ser obxecto de consulta os aspectos relativos á programación xeral do ensino, que se efectuará a través dos órganos colexiados consonte dispón o artigo 29 da Lei Orgánica 5/1985, do 3 de xullo, do dereito á educación, nin os que estean regulados directamente por normas con rango de lei ou deban ser regulados pola lei por disposición constitucional, ou aqueles que se refiran a normas en desenvolvemento das previsións estatutarias, particularmente no que atinxe á normalización da lingua e símbolos de Galiza."

---

Emenda nº41, ao apartado 1, de Adición. Artigo 32

Débase engadir un novo parágrafo co seguinte contido:

"Ademais da persoa titular da consellaría competente en materia de educación, estarán lexitimados para promover os procedementos de consulta o Consello Escolar, o claustro escolar, cando a consulta se refira a cuestións relativas a un único centro docente, así como as asociacións de nais e pais, e as nais e pais directamente, tanto cando teñan a ver con decisión do seu respectivo centro docente ou dun ámbito superior. No caso de que o ámbito de decisión afecte a máis dun centro escolar, requirirase que a iniciativa para promover a consulta veña avalada, alomenos, por un 20 por 100 no caso de a promoveren directamente nais e país, ou dun 30 por 100

das asociacións de nais e pais constituídas en Galiza, do ámbito territorial ao que afecte a consulta, cando a promoveren este tipo de asociacións .”

---

Emenda nº42, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 32

Débese engadir, ao remate do apartado, un novo parágrafo co seguinte contido:

“No caso dos procedementos de participación ou consultas relativas a infraestruturas, dotacións ou equipamentos, á organización e funcionamento dos servizos educativos e os complementares, a opinión expresada polos pais e nais será vinculante sobre os responsábeis de prestar ou colaborar nos servizos, especificamente no que atinxe ao transporte escolar, comedores escolares, actividades extraescolares e horarios.

Así mesmo, no caso de cambio de modalidade de xestión dos servizos complementares, deberán ser consultados os pais e nais, cuxa opinión será tida en conta á hora de acometer ou non dita mudanza.”

---

Emenda nº43, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir, no parágrafo 3 da Exposición de motivos, o seguinte texto:

"A Lei incide moi especialmente na corresponsabilidade das nais e pais ou titores na devantida tarefa, e por iso vincula a regulación da convivencia nos centros docentes ao establecemento de canles para a participación directa daqueles no ensino e no propio proceso educativo."

---

Emenda nº44, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir, no parágrafo 4 da Exposición de motivos, o seguinte texto:

"De acordo co que se vén de dicir, o obxecto desta lei vincula a regulación das normas básicas de convivencia nos centros docentes coa participación directa das familias no proceso educativo. O seu ámbito de aplicación esténdese a todos os centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. En canto aos principios informadores, diferéncianse os relativos ás normas sobre convivencia nos centros docentes dos relativos ás normas sobre participación directa das familias no proceso educativos."

---

#### Emenda nº45, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir, no parágrafo 6 da Exposición de motivos, o seguinte texto:

"O segundo grupo de principios aséntanse na participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino polos poderes públicos que garante o apartado 5 do artigo 27 da Constitución Española, e que ofrece unha base constitucional sólida e xuridicamente incontestable á regulación pola lei de procedementos de consulta e participación directa das familias no ensino. Estes procedementos en ningún caso substitúen ás canles institucionalizadas de participación na mesma e no funcionamento e o goberno dos centros docentes previstas na lexislación educativa vixente, senón que abren novas vías de participación directa á comunidade educativa e, en especial, ás nais e pais, nas decisións da Administración educativa, respectando a autonomía dos centros para desenvolver a programación xeral do ensino e a liberdade docente e pedagóxica do profesorado. A iso súmaselle o obxectivo de mellorar a comunicación entre o profesorado e as nais e pais, co fin de facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas."

---

#### Emenda nº46, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir, no parágrafo 7 da Exposición de motivos, o seguinte texto:



"Así mesmo, no caso das nais e pais ou titoras ou titores, engadíronse os dereitos especificamente relacionados coa finalidade da lei de posibilitar o establecemento de canles de participación directa no proceso educativo."

---

Emenda nº47, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir, no parágrafo 9 da Exposición de motivos, o seguinte texto:

"En particular, no artigo dedicado a este tema abórdase a cuestión, que deu lugar a importantes polémicas educativas, da regulación da vestimenta do alumnado, que se deixa á autonomía de cada centro en función da situación socioeducativa do mesmo, pero coa fixación duns principios que deben servir de orientación e límite á hora de establecer esa regulación."

---

Emenda nº48, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir, na Exposición de motivos, o apartado VII integramente.

---

Emenda nº49, de Substitución. Exposición de motivos

Débase substituir, no parágrafo 10 da Exposición de motivos, o seguinte texto:

Onde di: "que estea expresamente prohibido polas normas do centro"

Debe dicir: "que estea regulado pola administración educativa e, de ser o caso, polas normas do centro"

---



**Asinado dixitalmente por:**

**Maria do Carme Adán Villamarín na data 27/04/2011  
18:08:40**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 27/04/2011  
18:08:44**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO  
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE CONVIVENCIA E  
PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA (NUM. EXPE. 08/PL-0024).**

Emenda nº1, de Supresión. Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa

Débese suprimir do título do Proxecto de lei o seguinte texto:

Suprimir:"e da participación da comunidade educativa"

---

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 1

Débese modificar o Artigo 1., que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 1. Obxecto

Esta lei ten por obxecto regular as normas básicas de convivencia nos centros docentes comprendidos no seu ámbito de aplicación e a participación, nesta materia, das familias así como do resto da comunidade educativa, en exercicio das competencias sobre regulación e administración do ensino atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia no seu Estatuto de Autonomía e en desenvolvemento da lexislación básica estatal sobre a materia."

---

Emenda nº3, de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo apartado dentro do Artigo 3, que quedará redactado co seguinte contido:

"f bis) Promover a resolución pacífica dos conflitos, e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas."

---

Emenda nº4, de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo apartado dentro do Artigo 3, que quedará redactado co seguinte contido:  
"f ter. Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar."

---

Emenda nº5, ao apartado b), de Supresión. Artigo 3

Débase suprimir no apartado b) do Artigo 3 o seguinte texto:  
Ao final do apartado b) suprimir:"con discapacidade."

---

Emenda nº6, ao apartado f), de Supresión. Artigo 3

Débase suprimir o apartado f) do Artigo 3.

---

Emenda nº7, de Supresión. Artigo 4

Débase suprimir no primeiro parágrafo do Artigo 4 o seguinte texto:  
Suprimir na primeira liña:"directa" e na segunda liña:"no ensino e no proceso educativo"

---

Emenda nº8, de Modificación. Artigo 4

Débase modificar o nome do Artigo 4, que quedaría redactado co seguinte contido:  
"Artigo 4. Fins e principios informadores das normas sobre participación das familias."

---

Emenda nº9, ao apartado a), de Modificación. Artigo 4

Débase modificar o apartado a) do Artigo 4, que quedará redactado co seguinte contido:  
"a) A participación de todos os sectores da comunidade educativa en función do marco xurídico vixente garantido pola Constitución Española e as Leis Orgánicas de Educación."

---

Emenda nº10, ao apartado b), de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir todo o apartado b) do Artigo 4.

---

Emenda nº11, de Modificación. Título II

Suprimir ao final do texto do Título II o seguinte:  
Suprimir in fine:"directa"

---

Emenda nº12, ao apartado e), de Modificación. Artigo 6

Débese modificar o apartado e) do Artigo 6, que quedará redactado co seguinte contido:

"e) A participar na mellora da convivencia nos centros educativos nos ámbitos previstos polo marco lexislativo vixente e cos medios legais establecidos no mesmo."

---

Emenda nº13, ao apartado 1.d bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo subapartado dentro do apartado 1. do Artigo 7, que quedará redactado co seguinte contido:

"d bis) A contar cun regulamento dos seus dereitos e deberes."

---

Emenda nº14, ao apartado 1.d ter), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo subapartado dentro do apartado 1. do Artigo 7, que quedará redactado co seguinte contido:

"d ter) A liberdade de expresión, de asociación e de reunión no propio centro de acordo coa normativa neles establecida."

---

Emenda nº15, ao apartado 1.d quater), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo subapartado dentro do apartado 1. do Artigo 7, que quedará redactado co seguinte contido:

"d quater) A participar na confección das normas de convivencia, na resolución pacíficas de conflitos e, en xeral, a

participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia."

---

Emenda nº16, ao apartado 1.d), de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir todo o subapartado d) do apartado 1. do Artigo 7.

---

Emenda nº17, ao apartado 2.h), de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir todo o subapartado h) do apartado 2 do Artigo 7.

---

Emenda nº18, ao apartado 1.f bis), de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo subapartado dentro do apartado 1 do Artigo 8, que quedará redactado co seguinte contido:  
"f bis) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar."

---

Emenda nº19, ao apartado 1.f ter), de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo subapartado dentro do apartado 1 do Artigo 8, que quedará redactado co seguinte contido:  
"f ter) A recibir apoio da administración educativa con medios e materiais que faciliten a labor docente."

---

Emenda nº20, ao apartado 1.f), de Supresión. Artigo 8

Débese suprimir todo o subapartado f) do apartado 1 do Artigo 8.

---

Emenda nº21, ao apartado 1.f), de Supresión. Artigo 9

Débase suprimir todo o subapartado f) do apartado 1 do Artigo 9.

---

Emenda nº22, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 10

Débase modificar o apartado 1. do Artigo 10, que quedará redactado co seguinte contido:

Onde di:"...incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas,..." debe dicir:"...incluíndo a resolución pacífica dos conflitos, e conterá actuacións preventivas,..."

---

Emenda nº23, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 10

Débase modificar o apartado 4. do Artigo 10, que quedará redactado co seguinte contido:

Onde di:"... non supoña unha discriminación por razón de sexo, un risco para a súa saúde e integridade persoal..." debe dicir:"non supoña unha discriminación por razón de sexo ou calquera outra condición amparada polo actual marco xurídico, un risco para a súa saúde e integridade persoal ..."

---

Emenda nº24, ao apartado 4, de Adición. Artigo 10

Débase engadir ao final do apartado 4 do Artigo 10 o seguinte contido:

Engadir in fine:"A tal efecto, a Administración educativa elaborará unha normativa básica de referencia para a súa aplicación nos centros sostidos con centros públicos."

---

Emenda nº25, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 10

Débase engadir un novo apartado no Artigo 10, que quedará redactado co seguinte contido:

"4 bis. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará de xeito progresivo medidas e recursos que permitan reducir a conflictividade escolar."

---

#### Emenda nº26, de Adición. Artigo 11

Débase engadir un novo artigo (despois do Artigo 11), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 11 bis. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

A Administración educativa desenvolverá a normativa básica que regule os procedementos sinalados neste artigo de forma que queden en todo momento garantidos os dereitos individuais do alumnado."

---

#### Emenda nº27, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 11

Débase engadir un novo apartado 2 bis., que quedará redactado co seguinte contido:

"2 bis. A administración educativa dotará aos centros educativos das condicións de suficiencia necesarias para que os docentes poidan desenvolver de forma satisfactoria ás funcións que teñen encomendadas. Entre outras: cadros de persoal acordes coas necesidades do centro, ratios axeitadas ás necesidades do alumnado, profesorado especialista en atención á diversidade, coidadores, orientador escolar, incorporación de profesionais especializados en resolución de conflitos, protocolos de coordinación con outras administracións, formación en materia de convivencia, programas contra o absentismo e contra o fracaso escolar."



---

Emenda nº28, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 11

Débese suprimir todo o apartado 3. do Artigo 11.

---

Emenda nº29, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 14

Débese modificar o apartado 2. do Artigo 14, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. Cando por parte de calquera membro da comunidade educativa se entendera que os feitos puidesen ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración Educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas."

---

Emenda nº30, ao apartado c, de Modificación. Artigo 15

Débese modificar o apartado c) do Artigo 15, que quedará redactado co seguinte contido:

Onde di:"...á autoridade do profesorado que constitúan unha indisciplina grave." debe dicir:"...á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que constitúan unha indisciplina grave."

---

Emenda nº31, ao apartado j, de Modificación. Artigo 15

Débese modificar o apartado j) do Artigo 15, que quedará redactado co seguinte contido:

Onde di:"... a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa. En todo caso, ..." debe dicir:"... a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, ..."

---

Emenda nº32, ao apartado e, de Modificación. Artigo 16

Débese modificar o apartado e) do Artigo 16, que quedará redactado co seguinte contido:

"e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente."

---

#### Emenda nº33, de Modificación. Artigo 20

Débese modificar todo o Artigo 20, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 20. Procedementos de resolución pacífica dos conflitos.

1. Regulamentariamente determinaranse procedementos de resolución pacífica dos conflitos de convivencia, baseados no acordo entre as partes implicadas. Terán carácter voluntario, a solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirán o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

2. A opción polos procedementos de resolución pacífica suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se renovará no caso de non acadarse un acordo satisfactorio para as partes implicadas. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

3. O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do Consello Escolar, e que figurará no regulamento de réxime interno."

---

#### Emenda nº34, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 25

Débese modificar o apartado 5. do Artigo 25, que quedará redactado co seguinte contido:

Na última liña onde di: "..., sen prexuízo do previsto no artigo 25 desta lei." debe dicir: "..., sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei."

---

#### Emenda nº35, ao apartado 6, de Adición. Artigo 25

Débese engadir ao final do apartado 6. do Artigo 25 o seguinte contido:

Engadir in fine:"...comunicando dita resolución ao Consello Escolar do Centro que, no prazo máximo de dous días, confirmará a resolución ou propondrá as modificacións oportunas. Unha vez sancionada a resolución polo Consello Escolar do centro imporase a correspondente corrección."

---

Emenda nº36, de Modificación. Artigo 26

Débese modificar nos distintos apartados do Artigo 26 o seguinte contido:  
Onde di:"artigo 20" debe dicir:"artigo 22"

---

Emenda nº37, de Modificación. Artigo 27

Débese engadir o seguinte contido no Artigo 27:  
Onde di:"... será comunicada ás autoridades competentes..."  
debe dicir:"...será comunicada pola dirección do centro á inspección educativa e ás autoridades competentes..."

---

Emenda nº38, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 30

Débese modificar o apartado 2. do Artigo 30, que quedará redactado co seguinte contido:  
"2. Cando as circunstancias da situación de acoso así o requiran, a Administración Educativa designará mediadores cualificados alleos ao persoal do centro."

---

Emenda nº39, de Supresión. Título IV

Débese suprimir o Título IV

---

Emenda nº40, de Supresión. Artigo 31

Débese suprimir todo o Artigo 31.

---

Emenda nº41, de Supresión. Artigo 32

Débase suprimir todo o Artigo 32.

---

Emenda nº42, de Supresión. Artigo 33

Débase suprimir todo o Artigo 33.

---

Emenda nº43, de Supresión. Exposición de motivos

No sétimo parágrafo da Exposición de motivos, débese suprimir o seguinte contido:

Suprimir:"Así mesmo, no caso das nais e pais ou titoras ou titores, engadíronse os dereitos especificamente relacionados coa finalidade da lei de posibilitar o establecemento de canles de participación directo no proceso educativo."

---

Emenda nº44, de Supresión. Exposición de motivos

No cuarto parágrafo da Exposición de motivos, débese suprimir a seguinte palabra as dúas veces na que aparece:

Suprimir:"directa"

---

Emenda nº45, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir no parágrafo noveno da Exposición de motivos o seguinte contido:

Suprimir dende:"En particular..." ata:"... establecer esa regulación."

---

Emenda nº46, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir os seguintes parágrafos da Exposición de motivos:

Suprimir o vixésimo, vixésimo primeiro e vixésimo segundo parágrafos.

---

Emenda nº47, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir no décimo parágrafo da Exposición de motivos o seguinte contido:

Suprimir dende:"Asi mesmo, atribúese..." ata:"...o mantemento da disciplina escolar."

---

Emenda nº48, de Modificación. Exposición de motivos

Débase modificar o parágrafo décimo da Exposición de motivos, que quedará redactado co seguinte contido:

Onde di:"...condición de autoridade pública, que produce dous efectos legais:..." debe dicir:"...condición de autoridade pública que, consonte co actual marco xurídico vixente, produce dous efectos legais:..."

---

Emenda nº49, de Modificación. Exposición de motivos

Débase modificar o sexto parágrafo da Exposición de motivos, que quedará redactado co seguinte contido:

"O segundo grupo de principios aséntanse na participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino polos poderes que garante o apartado 5 do artigo 27 da Constitución Española. A iso súmaselle o obxectivo de mellorar a comunicación entre o profesorado e as nais e pais, co fin de facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas."

---

Emenda nº50, de Modificación. Exposición de motivos

No terceiro parágrafo da Exposición de motivos, modificar o seguinte contido:

Onde di: "A lei incide moi especialmente na corresponsabilidade das nais e pais ou titoras ou titores na devandita tarefa, e por iso vincula a regulación da convivencia nos centros docentes ao establecemento de canles para a participación directa daqueles no ensino e no propio proceso educativo." debe dicir: "A lei incide moi especialmente na corresponsabilidade das nais e pais ou titoras ou titores na devandita tarefa, e por iso impulsará a convivencia nos centros docentes a través da participación daqueles no proceso educativo nos ámbitos previstos polo marco lexislativo vixente e cos medios legais establecidos no mesmo."

---

Emenda nº51, de Modificación. Exposición de motivos

Na última liña do parágrafo décimo oitavo, débese modificar o seguinte contido:

Onde di: "...dunha mediación máis profesional no caso de que a situación presente unha gravidade especial." debe dicir: "... dunha mediación máis profesional de darse circunstancias que así o requiran."

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/04/2011 16:55:33**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN  
DA COMUNIDADE EDUCATIVA (NUM. EXPE. 08/PL-0024).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 2

Débese modificar o texto do artigo 2, no seguinte senso:

Onde dí: "...os centros docentes non universitarios..."

Debe dicir: "...os centros docentes de niveis non universitarios..."

---

Emenda nº2, ao apartado d, de Modificación. Artigo 3

Débese modificar o apartado d) do artigo 3, no seguinte senso:

Onde dí: "...ao profesorado e aos membros dos equipos directivos..."

Debe dicir: "...ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos..."

---

Emenda nº3, ao apartado 1.a, de Modificación. Artigo 6

Débese modificar o artigo 6, apartado 1 e subapartado a), no seguinte senso:

Onde di: "...pola comunidade educativa."

Debe dicir: "...polo resto da comunidade educativa."

---

Emenda nº4, ao apartado 2.c, de Modificación. Artigo 6

Dentro do artigo 6, apartado 2 e subapartado c), débese realizar a seguinte modificación:

Onde dí: "... por todos os..."

debe dicir: "...polos restantes..."

---

Emenda nº5, ao apartado 2.c), de Modificación. Artigo 7

Débese modificar o apartado 2, subapartado c) deste artigo, no seguinte senso:

Onde di: "...de todos os membros da..."  
Debe dicir: "...dos restantes membros da..."

---

Emenda nº6, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 8

Débese modificar o texto do apartado 1, subapartado a), do artigo 8 no seguinte senso:

Onde dí: "...valorados pola comunidade..."  
Debe dicir: "...valorados polo resto da comunidade..."

---

Emenda nº7, ao apartado 1.d), de Modificación. Artigo 8

No artigo 8, apartado 1, subapartado d), débese realizar a seguinte modificación:

Onde di: "...e as actividades complementarias e extraescolares."  
Debe dicir: "...e as actividades e servizos complementarios e extraescolares."

---

Emenda nº8, ao apartado 2.b), de Modificación. Artigo 8

Débese modificar o artigo 8, apartado 2, subapartado b), no seguinte senso:

Onde dí: "... e as actividades complementarias e extraescolares,..."  
Debe dicir: "...e as actividades e servizos complementarios e extraescolares,..."

---

Emenda nº9, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 9



Débese modificar o texto do artigo 9, apartado 1, subapartado a), no seguinte senso:

Onde dí: "... valorados pola comunidade..."

Debe dicir: "...valorados polo resto da comunidade..."

---

Emenda nº10, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 10

Débese modificar o texto do apartado 1 do artigo 10, no seguinte senso:

Onde di: "..., ou cando esta non estea constituída pola dirección,..."

Debe dicir: "...ou cando esta non estea constituída, polo equipo directivo,..."

---

Emenda nº11, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 10

Débese modificar o texto do apartado 4 do artigo 10, no seguinte senso:

Onde di "... sobre o atuendo e vestimenta do alumnado,..."

Debe dicir: "... sobre a vestimenta ou xeito de presentarse do alumnado,..."

---

Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 12

Débese modificar o texto do artigo 12 no seu apartado 2, no seguinte senso:

Onde di: "As condutas realizadas mediante o uso de medios electrónicos,..."

Debe dicir: "As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia, mediante o uso de medios electrónicos,..."

---

Emenda nº13, ao apartado c), de Modificación. Artigo 15

Débese modificar o texto do apartado c) do artigo 15, no seguinte senso:

Onde di: "Os actos colectivos de desafío..."

Debe dicir: "Os actos individuais ou colectivos de desafío..."

---

Emenda nº14, ao apartado e), de Modificación. Artigo 15

Débese modificar o texto do apartado e) do artigo 15, no seguinte senso:

Onde di: "... polo artigo 26 desta lei."

Debe dicir: "... polo artigo 28 desta lei."

---

Emenda nº15, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 20

Débese substituír o texto do apartado 1 do artigo 20, polo que segue a continuación:

"1. Regulamentariamente determinarase un procedemento de conciliación para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais, terá carácter voluntario e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras."

---

Emenda nº16, ao apartado c), de Modificación. Artigo 22

Débese modificar o texto do apartado c) do artigo 22, no seguinte senso:

Onde di: "... traballos específicos en horario non lectivo."

Debe dicir: "...traballos específicos en horario lectivo."

---

Emenda nº17, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 25

Débese modificar o texto do apartado 4 do artigo 25, no seguinte senso:

Onde di: "..., a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente como medidas..."

Debe dicir: "..., a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou a instancias do instructor, como medidas..."

---

Emenda nº18, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 26

No apartado 1, subapartado a), do artigo 26, débese realizar a seguinte modificación:

Onde di: "... artigo 20 desta lei."

Debe dicir: "... artigo 22 desta lei."

---

Emenda nº19, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 26

No apartado 1, subapartado b), do artigo 26, débese realizar a seguinte modificación:

Onde di: "... artigo 20 desta lei."

Debe dicir: "...artigo 22 desta lei."

---

Emenda nº20, ao apartado 1.c), de Modificación. Artigo 26

No apartado 1, subapartado c), do artigo 26, débese realizar a seguinte modificación:

Onde di: "... artigo 20 desta lei."

Debe dicir: "... artigo 21 desta lei."

---

Emenda nº21, ao apartado 1.d), de Modificación. Artigo 26

No apartado 1, subapartado d), do artigo 26, débese realizar a seguinte modificación:

Onde di: "... artigo 20 desta lei."

Dbe dicir: "... artigo 21 desta lei."

---

Emenda nº22, de Substitución. Artigo 29

Débese substituír o texto do artigo 29, polo que segue a continuación:

"1. A dirección dos centros docentes e os titulares dos centros concertados, así como a Administración educativa, procurarán garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

2.- A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto, entre vítima e causantes de situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes de situación de acoso que impida a continuación de eventuais condutas acosadoras."

---

Emenda nº23, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 30

Débase engadir un novo subapartado d), dentro do apartado 1 do artigo 30, co seguinte texto;

"d) Nos supostos menos graves de situación de acoso favorecerase a mediación realizada por alumnos do centro educativo que tiveran obtido formación e cualificación para a intervención nestas situacións."

---

Emenda nº24, de Substitución. Disposición adicional primeira

Débase substituír a Disposición adicional primeira, polo que segue a continuación:

" Disposición adicional primeira. Asistencia xurídica ao profesorado e ao persoal non docente que dependa da administración educativa.

A Administración educativa promoverá as medidas oportunas para garantir a adecuada protección e asistencia xurídica do profesorado dos centros docentes públicos e do persoal non docente que dependa da administración educativa, así como a cobertura da súa responsabilidade civil, en relación cos feitos que deriven do seu exercicio profesional e das funcións que realice dentro ou fóra do recinto escolar. En todo caso, o profesorado destes centros e o persoal non docente que dependa da administración educativa, gozará do dereito á representación e defensa en xuízo nos termos establecidos na normativa reguladora da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

---

Emenda nº25, de Adición. Disposición adicional quinta

Débese engadir unha nova Disposición Adicional sexta, co seguinte texto:

" Disposición Adicional Sexta.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá mediante o desenvolvemento de programas específicos a autonomía dos centros co fin de acadar os maiores éxitos na formación e cualificación dos alumnos, contando coa implicación das familias e doutras institucións."

---

Emenda nº26, de Adición. Disposición adicional quinta

Débese engadir unha nova Disposición adicional sétima, co seguinte texto:

" Disposición Adicional Sétima.

A Administración educativa impulsará nos centros educativos a creación de escolas de pais e nais, contando cos recursos humanos dos Departamentos de Orientación e os Centros de Formación, para fomentar a participación das familias no proceso educativo e mellorar a convivencia."

---

Emenda nº27, ao apartado V, de Modificación. Exposición de motivos

Débese modificar o texto da Exposición de Motivos V, parágrafo terceiro, no seguinte senso:

Onde dí: "...conduta, se esta se trata dun alumno ou alumna..."

Debe dicir: "... conduta, de tratarse dun alumno ou alumna..."

---

Emenda nº28, ao apartado VI, de Modificación. Exposición de motivos

Debe modificarse o texto da á Exposición de Motivos, no apartado VI no primeiro paragrafo, no seguinte senso:

Onde di: "...derivada do uso das novas tecnoloxías,..."

Debde dicir: "... derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías,..."

---



Emenda nº29, ao apartado VII, de Modificación. Exposición de motivos

Debe modificarse o texto da Exposición de Motivos, no apartado VII, no seu paragrafo primeiro:

Onde di: "Como xa se adiantou ao falar dos principios..."  
Debe dicir: "Como xa se adiantou ao citar os principios..."

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 27/04/2011 17:00:23**

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
    - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
    - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
    - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
  2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
    - 2.1 INVESTIDURA
    - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
    - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
  3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
    - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
    - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
    - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
    - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
    - 3.5 MOCIÓNS
    - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
    - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
  4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
    - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
    - 4.2 INTERPELACIÓNS
    - 4.3 PREGUNTAS
    - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
    - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
  5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
    - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
    - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
    - 5.3 VALEDOR DO POBO
    - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
    - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
    - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
    - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
    - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
    - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
    - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
    - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
    - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
    - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
    - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
    - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
    - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
    - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
    - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
    - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
  8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
    - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
    - 8.2 PERSOAL
    - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
  9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
    - 9.1 INFORMACIÓNS
    - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727